



CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, A UNIÓN DE CONSUMIDORES DE GALICIA (UCGAL) E O FORO INTERALIMENTARIO PARA O FOMENTO DUNHA ALIMENTACIÓN SAUDABLE NA POBOACIÓN DA COMUNIDAD AUTÓNOMA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que o 18.05.2016 a Consellería de Sanidade formalizou coas entidades UCGAL e Foro Interalimentario o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura e ata o 31.12.2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes en base, entre outras, ás seguintes liñas de actuación:

- O desenvolvemento de programas divulgativos e de formación para mellorar o coñecemento dos hábitos de consumo dunha alimentación saudable en función dos distintos sectores ou grupos poboacionais.
- A promoción de accións orientadas a que o consumidor dispoña de produtos saudables coa máxima calidade e seguridade.
- A promoción de campañas informativas de promoción de estilos de vida saudables dirixidas aos diferentes grupos de idade.
- O apoio á adopción de políticas favorables á redución do contido en sal, azucre e graxas saturadas e a eliminación das graxas *trans* en produtos alimenticios transformados.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución dos obxectivos referidos, os cales poderán concretarse a través da formalización dos correspondentes convenios específicos de colaboración para o desenvolvemento de traballos, actividades ou proxectos determinados.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

No artigo 49 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que inclúe entre as prestacións sanitarias do Sistema Público de Saúde de Galicia o establecemento de estándares e medidas de promoción de estilos de vida saudables e de prevención, a través da educación para a saúde, o control sanitario e a prevención dos riscos para a saúde, coa fin de garantir a protección efectiva da saúde así como o dereito a unha educación sanitaria e información axeitada que propicie a adopción de hábitos e estilos de vida saudables, entre outros. O desenvolvemento dos distintos programas e accións dirixidos á consecución destes obxectivos corresponde á Consellería de Sanidade, de conformidade



co disposto no Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Pola súa banda, tanto UCGAL como o Foro Interalimentario son entidades sen ánimo de lucro que entre as súas moitas funcións adócanse, nos seus respectivos ámbitos de actuación, a mellorar a formación e información alimentaria dos consumidores e da sociedade, en aras a unha mellora progresiva da súa calidade de vida a través da educación alimentaria e da promoción de estilos de vida saudables.

Na actualidade existe unha elevada prevalencia de enfermidades crónicas asociadas aos patróns alimentarios e de actividade física, dato que xa puxeron de manifesto tanto a ONU como a OMS, recoñecendo a ameaza que as enfermidades non transmisibles supoñen para a economía mundial e a necesidade de adoptar as medidas de prevención e control axeitadas.

As razóns de interese público que constitúen o obxecto do convenio, así como os intereses converxentes das partes asinantes (en tanto que as accións previstas constitúen unha vía para a consecución dos fins que teñen atribuídos), exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 25 de maio do 2016.